



**CONFEDERACIÓN
GALLEGA DE APAS**
Av. de Chile, 7-bajo
15009 La Coruña



**FEDERACIÓN AUTONÓMICA
DE ASOCIACIONES DE
MADRES Y PADRES DE
ALUMNOS DE CENTROS
EDUCATIVOS DE GALICIA**
C. Fraguas, 26-28
15703 Santiago de Compostela

DECLARACIÓN POLA LIBERDADE DE ELECCIÓN DE CENTRO EDUCATIVO EN GALICIA

O abaixo asinante, en nome propio ou en representación, subscribe o seguinte texto:

1. As familias teñen dereito a elixir proxectos educativos que coincidan coas súas propias conviccións, tal como queda recollido no artigo 27 da Constitución. A existencia de modelos educativos distintos nunha sociedade plural é un elemento indispensable para conseguir unha educación de calidade.
2. Corresponde aos poderes públicos promover e facilitar o exercicio do dereito dos pais á libre elección do modelo educativo. A Constitución recoñece a liberdade de creación de centros para que as familias poidan optar pola rede pública ou privada. As administracións públicas deberán realizar unha planificación escolar en función da demanda real dos pais, sen que ningunha opción resulte subsidiaria doutra.
3. Reclamamos que se establezan concertos no bacharelato para garantir realmente a liberdade de elección de centro educativo sen condicionantes económicos.
4. Os poderes públicos deben velar por que as familias galegas poidan satisfacer o dereito á libre elección de centro no ensino público e concertada en igualdade de condicións económicas, por iso reclamamos o apoio ás familias subvencionando a todos os alumnos usuarios de comedores, transporte e actividades extraescolares, co obxecto de conciliar a vida familiar coa laboral. O xusto é que se apoie a aquelas familias que o precisen en función do seu nivel de renda, independentemente da titularidade da opción educativa elixida, pública ou concertada.
5. Os poderes públicos non poden discriminar os alumnos dos centros concertados en programas de calidade educativa, que deben ser comúns para todos. Reclamamos o dereito a participar neses programas (Proa, Valora... ordenadores persoais, encerados dixitais...) en condicións de igualdade.

Solicitamos que a Xunta de Galicia e as demais administracións recollan estas peticións e procedan a poñer os medios para facer efectiva a liberdade de elección de centros en Galicia.

Galicia, febreiro de 2009

Nome e apelidos: _____

En representación propia, escribir DNI: _____

En representación allea, escribir nome da asociación, empresa, institución, etc. e CIF:

ENTIDADES ADHERIDAS:

FIRMA:

